

CONVOCATORIA DE PRÁCTICAS EXTERNAS EN EMPRESAS OU INSTITUCIÓNS PARA OS ESTUDANTES DO MESTRADO EN LINGÜÍSTICA APLICADA

CURSO 2023-2024

Polo presente escrito convócanse prácticas en empresas e institucións para estudantes do Mestrado Interuniversitario en Lingüística Aplicada.

Normativa de aplicación:

Real Decreto 1393/2007, de 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais; Real Decreto 592/2014, de 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios; Regulamento de Prácticas Académicas Externas da Universidade de Santiago de Compostela (aprobado polo Consello de Goberno do 30 de xullo de 2015); Regulamento de prácticas académicas externas do estudantado da Universidade da Coruña (aprobado en Consello de Goberno do 23 de abril de 2013 e modificado polos acordos do Consello de Goberno do 27/02/2015, 29/09/2015, 29/05/2018 e 04/06/2019); e Regulamento de prácticas académicas externas do alumnado da Universidade de Vigo (aprobado en Consello de Goberno do 24 de maio de 2012).

1. Calendario da presente convocatoria:

- 1.1. Publicación da convocatoria: 15 de marzo
- 1.2. Presentación de solicitudes: do 18 ao 22 de marzo até as 14:00 horas
- 1.3. Publicación da listaxe provisoria de adxudicación de prazas: 5 de abril
- 1.4. Reclamacións á listaxe provisoria de adxudicación de prazas: do 8 ao 9 de abril até as 14:00 horas
- 1.5. Publicación da listaxe definitiva de adxudicación de prazas: 12 de abril

2. Requisitos dos candidatos:

- 2.1. Estar regularmente matriculado no devandito Mestrado
- 2.2. Solicitar no decanato ou na administración das facultades participantes no devandito mestrado, nos prazos indicados no apartado 1, a participación no proceso de selección de candidatos/as para realizar prácticas.

Código Seguro De Verificación	h5BbP7XyE8bRzpIm7vHemw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Margarita María Alonso Ramos	Asinado	15/03/2024 12:54:50
Observacións		Páxina	1/2
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/h5BbP7XyE8bRzpIm7vHemw==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



3. Proceso de selección:

3.1. Os/As estudantes incluírán no impreso de solicitude (ANEXO II) as empresas ou institucións (ANEXO I) nas que desexen realizar as prácticas.

3.2. A comisión académica do mestrado adxudicará de oficio as prazas en función das preferencias manifestadas polos solicitantes. Naqueles casos en que houber máis solicitantes para unha empresa/institución que prazas dispoñibles, os/as candidatos/as serán baremados segundo os criterios acordados pola comisión académica (ANEXO III).

4. Características académicas e organizativas das prazas de prácticas en empresas e institucións:

4.1. As prácticas realizadas en empresas e institucións terán carácter formativo.

4.2. As prácticas, pola súa natureza formativa e ao estaren integradas no sistema de créditos, teñen o carácter dunha materia de mestrado, polo que non serán remuneradas.

4.3. Todas as prácticas terán unha duración de 150 horas e computarán como 6 créditos ECTS. Nas 150 horas de duración estará comprendido o tempo necesario para a redacción da memoria das actividades realizadas no período de prácticas, que o/a estudante entregará ao/á seu/súa titor/a e que, xunto coa valoración do traballo desenvolto, será tida en conta á hora de avaliar o período de prácticas.

4.4. As prácticas realizaranse no horario que cada candidato/a seleccionado acorde coa empresa ou institución de acollida. O lugar de realización das prácticas será, habitualmente, a sede da empresa ou institución.

4.5. As empresas e institucións colaboradoras nesta convocatoria e as prazas ofertadas son as incluídas no ANEXO I.

NOTA INFORMATIVA: A convocatoria e as listaxes serán publicadas nos taboleiros de información das Facultades de Filoloxía das tres Universidades participantes no título, así como nas páxinas web das tres Facultades e do título.

Código Seguro De Verificación	h5BbP7XyE8bRzpIm7vHemw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Margarita María Alonso Ramos	Asinado	15/03/2024 12:54:50
Observacións		Páxina	2/2
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/h5BbP7XyE8bRzpIm7vHemw==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

